

Informe da Directora Xunta de Escola, 7 de xullo de 2021

1 Reunións de traballo

- 28 de maio. Reunión da directora con representantes da Universidade de Cabo Verde para promover a sinatura dun convenio de mobilidade de estudantado, profesorado e persoal investigador.
- 9 de xuño. Asistencia da directora á sesión convocada pola Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria para a presentación do Programa INSPIRA STEAM do próximo curso e do balance de resultados do curso actual.
- 17 de xuño. Asistencia da directora e David Patiño (Coordinador STEMBach) á sesión convocada pola Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria para a presentación do Programa STEMBach do próximo curso e do balance de resultados do curso actual.
- Reunións semanais da directora co Vicerreitor de Planificación e Sostibilidade e persoal do SPRL como responsable COVID do centro.
- 21 de abril e 28 de maio. Reunión da Comisión de Normalización Lingüística.
- 1 e 14 de xuño. Asistencia da directora á reunión de traballo da Fundación Minería e Vida, do grupo de traballo “Educación”.
- 1 e 28 de xuño. Asistencia da directora á reunión de traballo para a elaboración do documento sobre a profesión na enxeñaría de minas, enerxía e materiais, elaborado no marco do convenio de colaboración CODEIME-RAI.
- 11 de xuño. Reunión coa Delegación de Alumnado.
- 17 de xuño. Asistencia de Iago Pozo (Subdirector de Relacións Externas) e a directora á reunión e visita ás instalacións de DINAK co obxecto de coñecer as posibilidades laborais e formativas da empresa e as posibilidades de colaboración coa EME.
- 29 de xuño. Reunión de Guillermo García (Coordinador Calidade) e a directora coas persoas responsables do PAT, MEET e PIUNE no centro (do curso actual e do próximo), para valorar os cambios a introducir no deseño do PAT-ANEAE do centro.
- 30 de xuño. Realización por parte da directora dunha sesión informativa sobre a instrumentalización do Programa Docentia da convocatoria 2021.

A directora agradece a participación das persoas implicadas no desenvolvemento destas actividades.

2 Traslado titulacións/centros á cidade

A directora lembra todo o proceso e traslada a información da que dispón como directora do centro.

- 5 de marzo. Asistencia da directora á sesión informativa convocada polo Reitor a Decanos/as e Directores/as dos centros do campus de Vigo en relación á proposta de traslado de centros/titulacións á cidade.
- 7 de abril. Sesión informativa convocada polo Reitor aos membros da Xunta de Escola para informar sobre a proposta de traslado de titulacións/centros á cidade.

- O centro non recibiu máis información sobre este tema por parte da Reitoría ou Vicerreitoría competente. A directora sinala que a información dispoñible en relación ás enquisas a alumnado de Bacharelato, persoas egresadas e comunidade universitaria (PDI, alumnado e PAS) é a comunicada nas listas de PDI e que non chegou ao centro máis información ou comunicación despois da sesión convocada polo Reitor o 7 de abril.
- A Directora informa que o claustro celebrado o día 28 de xuño incluía na orde do día o punto “Debate sobre o traslado de certas titulacións do campus das Lagoas Marcosende ao campus de Vigo cidade”. O Reitor presentou os resultados das enquisas e rematou o punto sinalando que “*Tendo en conta a folla de ruta proposta e os resultados da consulta, xa non se vai pedir o acordo de ningún centro agás que a Xunta de Centro da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo así o solicite*”. A Directora presenta aos membros da Xunta de Escola a información proporcionada polo Reitor na sesión do Claustro en relación aos resultados das enquisas realizadas a alumnado de 1º e 2º de Bacharelato, persoas egresadas, PDI, alumnado e PAS do centro. Achégase esta información como ANEXO á acta. Destaca os seguintes aspectos:
 - No caso das enquisas a alumnado de Bacharelato responderon 795 persoas. Enviouse a enquisa a 328 IES. No caso das enquisas a persoas egresadas participaron 2017 persoas para toda a Universidade. Os datos que se presentan corresponden a respostas das persoas que participaron nas enquisas. Non se teñen datos de poboación de referencia para estes dous colectivos. A directora sinala que, desde o punto de vista estatístico, os resultados non son representativos.
 - No caso das enquisas aos membros da comunidade universitaria, responderon dúas persoas do PDI-A, dúas persoas do PDI-B e tres PAS. No caso de alumnado de 1º e 2º ciclo respondeu o 36% da Escola. E das persoas que responderon 61% sinalaron Campus Lagoas, 33% Cidade e 6% Sen opinión.
- A Directora conclúe que non procede pronunciamento do centro ao respecto do traslado de titulacións ao centro da cidade.

3 Mobilidade

3.1 Erasmus KA+107

O 2 de xuño a Comisión Avaliadora (Ángeles Saavedra, Amelia Rodríguez, Elena Alonso) seleccionou ao estudante da Universidade Católica do Norte de Antofagasta para realizar no próximo curso unha estadía dun cuatrimestre na nosa Escola. Está pendente a convocatoria de mobilidade a Chile dunha bolsa para PDI e estudantado.

Agradécese a Iago Pozo a labor de información e coordinación das actividades de mobilidade do centro.

4 Divulgación

4.1 Noite Europea das Persoas Investigadoras

A Escola está a participar na Noite Europea das Persoas Investigadoras. Trátase dunha actividade coordinada pola UCC+i e que conta con dous tipos de actividades: (i) actividades pre-evento, a desenvolver nos meses anteriores á Noite e (ii) as actividades da propia Noite, que terá lugar o 24 de setembro de 2021.

Nas actividades pre-eventos participaron as seguintes persoas:

- Xurxo Rigueira Díaz
- Raúl Figueroa Martínez
- Raquel Pérez Orozco
- Ana Larrañaga Janeiro
- Javier Martínez Torres
- Iván Garrido González
- Teresa Rivas Brea
- María Pazo Rodríguez

Data	Colexio/IES	Curso	Alumnado	PDI participante	Actividade
03-xuñ-21	IES Rosais 2	2º ESO	37	Raquel Pérez Orozco Ana Larrañaga Janeiro	<i>The Science Games</i>
07-xuñ-21	IES de Mos	4º ESO	13	Raúl Figueroa Martínez María Pazo Rodríguez Xurxo Rigueira Díaz	Novos materiais
08-xuñ-21	IES de Mos	4º ESO	16	Raúl Figueroa Martínez María Pazo Rodríguez Xurxo Rigueira Díaz	Novos materiais
	IES Rosais 2	2º ESO	15	Raquel Pérez Orozco Ana Larrañaga Janeiro	<i>The Science Games</i>
09-xuñ-21	IES Alexandre Bóveda - Vigo	2º ESO	44	María Pazo Rodríguez Xurxo Rigueira Díez	Novos materiais
	IES Rosais 2	2º ESO	21	Raquel Pérez Orozco Ana Larrañaga Janeiro	<i>The Science Games</i>
10-xuñ-21	IES de Ponte Caldelas	3º ESO	20	Raquel Pérez Orozco Ana Larrañaga Janeiro	<i>The Science Games</i>
	IES Castela	4º ESO	35	María Pazo Rodríguez Xurxo Rigueira Díaz	Novos materiais
11-xuñ-21	IES de Ponte Caldelas	3º ESO	20	Raquel Pérez Orozco Ana Larrañaga Janeiro	<i>The Science Games</i>
14-xuñ-21	IES de Mos	4º ESO	13	Ana Larrañaga Janeiro Javier Martínez Torres	Intelixencia artificial: Érase unha vez un mundo de datos
16-xuñ-21	IES Alexandre Bóveda (Vigo)	1º Bach.	24	Iván Garrido Puente	Termografía infravermella
17-xuñ-21	IES Valmiñor (Nigrán)	1º Bach.	24	Iván Garrido Puente	Termografía infravermella
18-xuñ-21	IES de Mos	4º ESO	16	Ana Larrañaga Janeiro Javier Martínez Torres	Intelixencia artificial: Érase unha vez un mundo de datos
	Pintor Laxeiro	4º Primaria	50	Teresa Rivas Brea	Minerais e arte
21-xuñ-21	IES Valadares	1º Bach.	30	Ana Larrañaga Janeiro Javier Martínez Torres Raquel Pérez Orozco	Intelixencia artificial: Érase unha vez un mundo de datos
22-xuñ-21	IES Castealo Vigo	4º ESO	39	Iván Garrido Puente	Termografía infravermella

A petición da Unidade de Cultura Científica da UVigo presentáronse actividades por parte do PDI da Escola para participar nos eventos que se realizarán o 24 de setembro do 2021. Agradécese a

todo o persoal que enviou propostas á Unidade de Cultura Científica. Ata agora están confirmadas as seguintes actividades:

- **Ciencia no Bar** (en Vigo): Iago Pozo e outra persoa pendente de asignación .
- **Feira Científica**: Iván Garrido (Visión Infravermella), Teresa Rivas (Minerais na pintura) e María Pazo (Materiais intelixentes).
- **Charlas no Centro da Cidade**: Elena Alonso (Materias primas minerais na sociedade).
- **Charlas en Falso Directo**: Ana Larrañaga e Javier Martínez (Intelixencia artificial) e María Araújo. Son charlas gravadas previamente, cunha duración de 10 minutos, que serán emitidas o propio día 24 de setembro como un falso directo.
- **Obradoiros en centros escolares**: Benito Vazquez (Física Re-creativa).
- **European Corner**: pendente asignación participante.

4.2 Feiras Científicas

Realización os días 21 e 25 de maio do taller de minerais na Feira científica do concello de Vedra. Visitáronse os colexios CPI Vedra e o CEIP Ortigueira. Arredor de 70 rapaces e rapazas de 1º ESO e de 3º e 4º de Primaria. Participaron Teresa Rivas, Enrique Alonso, Carmen Filgueira e Santiago Pozo.

4.3 Conferencias nos IES

Data	Colexio/IES	Curso	Alumnado	PDI participante	Actividade
28-mai-21	IES Antón Alonso Ríos (Tomíño)	2º Bach.	18	Benito Vázquez Dorriño	Física Re-Creativa
14-xuñ-21	Colexio Compañía de María (Cangas)	4º ESO	21	Benito Vázquez Dorriño	Física Re-Creativa
31-mai-21	CIFP Valentín Paz Andrade (Vigo)	1º de ciclo de eficiencia enerxética e enerxía solar térmica 1º de ciclo de enerxías renovables	32	Elena Alonso Prieto Iago Pozo Antonio	Información sobre os graos da Escola

4.4 Aula Aberta á TecnoCiencia (visitas á EME)

Data	Colexio/IES	Curso	Alumnado	PDI participante	Actividade
26-mai-21	IES María Soliño	1º Bach.	9	Raúl Figueroa Díaz David Patiño Vilas	Novos Materiais Motores
04-xuñ-21	IES do Castro	1º Bach.	20	Raquel Pérez Orozco Ana Larrañaga Janeiro Javier Martínez Torres	Combustión Intelixencia artificial: Érase unha vez un mundo de datos

4.5 Convocatorias Premio e Axudas

O proxecto de *La Caja Sostenible* presentado á “**Convocatoria de axudas para el fomento de la cultura científica, tecnológica y de la innovación**” do Ministerio de Ciencia e Innovación non foi proposto para financiación. O proxecto tivo unha puntuación de 70 sobre 100. A puntuación mínima para ser beneficiario foi duns 83 puntos.

Presentouse a actividade “Aula Abierta a la TecnoCiencia: Ciencia y Tecnología al alcance de tod@s” ao **I Premio CSIC-Fundación BBVA de Comunicación Científica**. O premio foi outorgado a “Materia”, sección de Ciencia do diario *El País*.

4.6 Concursos

Están publicadas na web do centro as bases das novas edicións dos concursos que organiza o centro para IES e público en xeral: <http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/institutos/divulgacion/concursos/>

- Enfoca_RME
- Mulle_RME
- Enerxiza_RME
- Escava_RME
- Eme_Pakuxa
- Curtametraxes enerxéticas.

4.7 Elaboración de material e recursos

4.7.1 Vídeos

Elaboráronse dous vídeos sobre os graos do centro, que se porán a disposición das persoas que realizan actividades de divulgación con alumnado de IES e Bacharelato. Están aloxados na web do centro, na canle de Youtube e nas redes sociais da escola. Pídese que se lles dea difusión.

4.7.2 Newsletter

Elaborouse o primeiro número de MINERXÍA, a revista da Escola. Esta revista trata de ser un documento no cal se resuman as actividades de divulgación máis importantes realizadas ao longo do curso e se adiantan as actividades que está previsto realizar o próximo curso. A Directora cede a palabra a Iago Pozo, a persoa que levou adiante a iniciativa, para que explique aos membros da Xunta de Escola o obxectivo e contidos da revista. A Directora sinala que, en relación aos contidos de actividade investigadora, fíxose unha selección en base a información que trasladan os grupos para RRSS, web e noticias de prensa. Sinala que non se pode incluír toda a actividade investigadora, pero se algún grupo valora que é importante figurar na revista, pode comunicalo para incluílo.

4.7.3 Prensa

O 7 de xuño publicouse no Faro de Vigo a nova: “***Necesitamos especialistas en enerxía, materiais y recursos minerales***” para visibilizar a nosa Escola e o campo de traballo do alumnado do centro. A publicación fíxose en formato web e papel.

4.7.4 Congresos

Envío ao XXVIII “*Congreso Universitario de Innovación Educativa en las Enseñanzas Técnicas (CUIEET 2021)*”, do artigo “*Cómo divulgar ciencia haciendo ciencia en tiempos de pandemia: The She-ience Games*” por Raquel Pérez-Orozco, Ana Larrañaga Janeiro, David Patiño Vilas, Teresa Rivas Brea e Santiago Pozo Antonio.

Agradécese a todas as persoas que participaron no desenvolvemento destas actividades o seu traballo e a Iago Pozo o labor de coordinación de actividades de divulgación.

4.8 Bolsa Divulgación Científica EME

Publicouse a convocatoria de bolsas para Centros Universitarios (2 prazas para a EME, 15 horas semanais, divulgación científica). Requisito: estar matriculado/a nalgunha das titulacións de grao ou mestrado da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía. Remata o prazo o 26/07/2021.

4.9 Programa STEMBach

Este curso realizouse a actividade formativa presencial na Escola cos seguintes centros, actividade tutorizada por Raquel Pérez e David Patiño.

- 21/04/21: IES Plurilingüe A Paralaia (Moaña) e CPR Santiago Apóstol (Redondela)
- 05/05/21: IES Plurilingüe A Paralaia e CPR Santiago Apóstol (Redondela)
- 26/05/21: IES María Soliño (Cangas) (Aula Aberta + actividade Stembach)
- 24/06/21: IES Plurilingüe A Paralaia

A Directora agradece a todas as persoas que participaron nestas actividades de divulgación o seu traballo e a Iago Pozo o labor de coordinación.

5 Acto Graduación

O 11 de xuño celebrouse o Acto de Graduación da 8ª promoción do Grao en Enxeñaría da Enerxía (9), do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (4) e a 6ª do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas (14). Os Padriños da Promoción foron os profesores Eduardo Liz Marzán (Grao EE) e Carlos Martínez Torres (Grao ERME e Máster en Enxeñaría de Minas).

Asistiron un total de 90 persoas presencialmente e seguiron o acto a través do canle de UVIGOTV 170 persoas máis.

Agradécese ás persoas que participaron no desenvolvemento do acto e a María Araújo a organización do evento.

6 Sistema Garantía Calidade

6.1 Enquisas de Avaliación Docente (EAD)

O 10 de xuño rematou o prazo de participación nas EAD.

6.2 Enquisas de satisfacción do profesorado e do alumnado coas titulacións oficiais (graos e máster universitario)

Ampliouse o prazo para realizar as enquisas de satisfacción coas titulacións ao 30 de xuño. A participación ao remate do prazo foi:

Titulación	Grupo	Porcentaxe
GEE	Alumnado	24%
	Profesorado	41%
GERME	Alumnado	29%
	Profesorado	50%
MUEM	Alumnado	32%
	Profesorado	62%

Agradécese a Guillermo García o seu traballo como Coordinador de Calidade do centro.

7 Procedementos académicos

7.1 Defensa de TFG e TFM da convocatoria ordinaria

O día 29 de xuño tivo lugar a defensa de TFG correspondente á convocatoria de xuño. O día 2 de xullo tivo lugar a defensa de TFM.

- Grao en Enxeñaría da Enerxía: 9 estudantes
- Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos: 4 estudantes
- Máster Universitario en Enxeñaría de Minas: 5 estudantes.

7.2 Seguimento do alumnado dos graos

Francisco Deive, en calidade de Coordinador do Grao EE, realizou 4 reunións durante o mes de maio co alumnado de primeiro e segundo dos graos da EEME, para recoller información sobre o desenvolvemento das ensinanzas durante este ano. Como conclusións cabe sinalar:

- En canto a relacións sociais: ás dificultades propias dun novo curso académico nunha contorna nova para eles como é a universidade, uníronse as restricións impostas pola pandemia, como o feito de estar distanciados na aula, non interaccionar en traballos en grupo, nin poder comer cos compañeiros ou a parte social derivada de festas ou eventos habituais que si se celebraban outros anos. Isto favoreceu un illamento que cren que lles prexudicou na vida académica e podería aumentar o grao de frustración que derivou nun maior abandono dalgúns compañeiros.
- Contidos: destacou a dificultade dos contidos das materias. Consideran que a especial situación de pandemia do curso académico previo prexudicoulles, xa que ao non haber tratado diferentes temas, este curso resultoulles especialmente duro.

Polo tanto, estarase este curso especialmente pendentes do alumnado de novo ingreso, para organizar algunha actividade específica que facilite a súa relación e integración na vida académica do centro. En relación ás dificultades dos contidos, estase a estudar a reactivación do curso 0.

7.3 Datos preinscrición aos graos

A Directora informa sobre os datos de preinscrición, a data actual, para os dous graos do centro e a comparación cos datos do curso anterior. Cabe sinalar o aumento importante en primeira opción para o Grao ERME e a baixada do Grao EE, aínda que neste último caso os números totais de 1ª e 2ª opción se manteñen. Informa de que se terán os primeiros datos de matrícula a mediados de xullo.

Grao	Curso 2020-2021			Curso 2021-2022		
	1ª opción	2ª opción	Total (1+2)	1ª opción	2ª opción	Total (1+2)
Grao EE	34	24	58	20	37	57
Grao ERME	2	11	13	9	9	18

7.4 Medidas para o comezo do curso

O Consello de Goberno aprobou as “Medidas extraordinarias para o desenvolvemento da organización docente no curso 2021/2022 ante posibles restricións por motivos sanitarios” e o 1 de xullo publicáronse as “Instrucións do 1 de xullo de 2021 da Secretaría Xeral de Universidades, de previsión de medidas de adaptación das universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso 2021/2022”. Os aspectos máis salientables son os seguintes:

Guías docentes

- As guías docentes conterán, de xeito xeral, un escenario de normalidade adaptada, é dicir, unha situación acorde co grao de presencialidade estimado como normal no momento previo á pandemia.
- Haberá un único escenario alternativo, previsto para situacións temporais limitadas por restricións locais derivadas de gromos ou peches na localidade. Descártase contemplar un escenario de confinamento no programa das materias.
- A guía docente de cada unha das materias incluídas no plano de estudos dunha titulación oficial de grao ou máster universitario deberá incluír un apartado denominado “Plan de continxencia”, no cal estableceranse as medidas de adaptación ao escenario alternativo previsto.

Aforos

- En termos de aforo, é recomendable establecelo no 50% nos espazos con bancadas fixas, deixando sempre un posto intermedio baleiro. En caso de mobiliario non fixo, deberíase respectar unha distancia mínima de 1,2 metros entre os distintos postos.

Actuacións ACSUG

- Realizará un seguimento aleatorio dos “plans de continxencia” incluídos nas guías docentes publicadas para o curso 2021/2122. Este seguimento afectará a un 10% das materias de grao e máster, con especial atención a aquelas nas que se detectaran carencias ou erros en seguimentos anteriores.
- No procedemento de seguimento e acreditación das titulacións, revisará de xeito especial o concernente á atención titorial ao alumnado.
- Solicitará ás universidades un informe anual de análise das enquisas de satisfacción do alumnado.
- Solicitará, de xeito aleatorio a algúns centros e a través da vicerreitoría con competencias en Calidade, un informe sobre o sistema de queixas e suxestións que forma parte do sistema de garantía de calidade de cada un deles.

Prácticas

- Nestes casos, poderán substituírse as ditas prácticas curriculares por outro tipo de actividades, tratando sempre de garantir a adquisición de capacidades idénticas ou similares e empregando, de ser posible, simuladores tecnolóxicos ou medios análogos.
- Destes cambios deberá quedar constancia documental para a súa análise nos procesos de seguimento e acreditación do título.
- No caso da virtualización das mesmas, a ACSUG solicitará á universidade correspondente, de xeito aleatorio ou a través do procedemento de seguimento e acreditación de titulacións, un informe xustificativo para a comprobación da adecuación á finalidade das mesmas.
- Así mesmo, realizarase un especial seguimento das prácticas naquelas titulacións que conducen a profesións reguladas.

Acordos de Consello de Goberno

- A Universidade de Vigo comezará o curso 2021/22 en situación de normalidade adaptada. A actividade docente levarase a cabo na **modalidade totalmente presencial**, salvo que a memoria indique outra modalidade.
- A situación de normalidade adaptada supón que a actividade docente exclusivamente presencial poderá, de xeito extraordinario e temporal, verse modificada por **restricións locais** derivadas de gromos ou peches na localidade en que se localice algún centro

docente, e dar lugar así a unha modalidade mixta e incluso verse substituída por un modelo de actividade docente non presencial.

- Cando se dean as situacións indicadas no punto anterior, e estas así o requiran, a modalidade mixta ou non presencial activaranse **mediante resolución reitoral**, que deberá indicar os centros, titulacións, cursos, materias ou grupos afectados.

8 Procedementos administrativos

8.1 Eleccións a dirección

A Secretaría Xeral deu o visto bo ao calendario electoral para eleccións a dirección da Escola, que é o seguinte:

- 6 de setembro de 2021: SORTEO DA COMPOSICIÓN DA XUNTA ELECTORAL
- 7 de setembro de 2021: CONSTITUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL
- 8, 9 e 10 de setembro de 2021: EXPOSICIÓN DO CENSO PROVISIONAL
- 13, 14 e 15 de setembro de 2021: PRESENTACIÓN DE RECLAMACIÓNS AO CENSO PROVISIONAL
- 16 de setembro de 2021: PUBLICACIÓN DO CENSO DEFINITIVO
- Do 17 ao 21 de setembro: PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS
- 22 de setembro de 2021: PROCLAMACIÓN PROVISIONAL DE CANDIDATOS/AS
- Do 23 ao 27 de setembro de 2021: PRESENTACIÓN DE RECLAMACIÓNS Á LISTA PROVISIONAL DE CANDIDATOS/AS
- 28 de setembro de 2021: PROCLAMACIÓN DEFINITIVA DE CANDIDATOS/AS
- 1 de outubro de 2021: VOTACIÓN en Xunta de Escola Extraordinaria, ás 13:00 horas, en convocatoria única, na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

9 Prevención e Control Sanitario

9.1 Control e seguimento de casos COVID19 no centro

En relación aos casos COVID no centro, desde a última Xunta de Escola (25 de maio), fíxose o seguimento de 7 casos, dos cales 3 son positivos. O resto dos casos son casos posibles ou compatibles que están a facer corentena.

A directora lembra que non se pode acceder ao centro con síntomas ou se se ten que gardar corentena por caso confirmado ou posible e que é necesario informar destas circunstancias.

Agradécese ao profesorado das materias nas que houbo alumnado en corentena as facilidades que prestaron ao estudantado para seguir a docencia ou realizar probas de avaliación.

10 Infraestruturas e equipamento espazos docentes

- Procedeuse a renovar o equipamento informático da Aula Informática 0: adquisición de 21 equipos computadores cun orzamento total de 11.751,62 € que se sufragarán coa dotación de laboratorios docentes.
- Habilitouse o procedemento para dotación de laboratorios docentes, e estableceuse un prazo ata o 24 de xullo para facer chegar á dirección as necesidades para o curso 2021/2022.

- Publicouse a convocatoria de bolsas para Servizos Informáticos (1 praza para a EME, 15 horas semanais). Remata o prazo para presentar solicitudes o 26/07/2021.

Agradécese a Francisco Deive o seu traballo como responsable de infraestruturas e Asuntos Económicos.

11 Persoas egresadas

Francisco Deive, como Coordinador do Grao en EE asistiu á reunión coa “Asociación de Ingenieros de la Energía” (AINEnergía) para colaborar no seguimento das persoas egresadas e os ámbitos profesionais e laborais no ámbito da titulación. Na Asociación participa activamente unha persoa egresada do centro.

José Ferradas Troitiño, egresado do centro (Enxeñeiro de Minas), foi galardoado cun premio do *IEEE CSC Council Superconductivity*. <https://ieeecsc.org/awards/ieee-csc-graduate-study-fellowship-applied-superconductivity>, un dos premios de referencia no ámbito da supercondutividade. A Directora agradece ao profesor Benito Vázquez que informase ao centro desta distinción e pide aos membros da Xunta de Escola que trasladen ao centro información sobre persoas egresadas coas que teñen contacto.